

VISITA REALIZADA EN OUTUBRO DE 2022

AS ESCOLAS DE PISTOIA

INTRODUCCIÓN

As escolas de Pistoia que dada a mirada que teñen sobre a infancia están recoñecidas a nivel internacional, tendo entre os seus referentes a Loris Malaguzzi e Francesco Tonucci,

As escolas infantís de Pistoia núntrense dunha rica traxectoria nada nos anos setenta, sosteñen ata o último termo o devandito “un neno pertence a toda unha tribo” e consideran toda a cidade como lugar de vida e de cultura a través do cal se derivan múltiples aprendizaxes.

A cidade acolle aos nenos e hai establecida unha importante rede entre os servizos educativos, a escola e a familia, asegurando así a continuidade e coherencia educativa que se dan nesta rede de intercambio.

As familias son ben recibidas nas escolas e convídaselles a que participen dela activamente.

Os profesionais deben ter unhas horas mínimas de formación ao ano, o que permite que estean en constante reciclaxe, abordar novas perspectivas e non quedar ancorados en vellos ideais.

Os nenos son protagonistas da súa aprendizaxe e téntase respectar o concepto de “escola amable” que recollía Loris Malaguzzi, facendo da escola un espazo acoledor, con non demasiados nenos, preservando a familiaridade existente nas casas (de feito moitas das escolas están establecidas en casas para transmitir este concepto de acollida e continuidade).



VISITA REALIZADA EN OUTUBRO DE 2022

ESPAZOS ACOLLEDORES

Unha cousa que nos chamou moito a atención foi a cantidade de documentación que reflectía o traballo e as vivencias dos nenos e as familias na escola.

Grandes plafones con imaxes, debuxos ou transcricións de conversacións enchen as paredes dos niños.

Outro dato moi característico destas escolas é o sentido da estética que teñen, de coidar os pequenos detalles facendo que, de maneira inconsciente, os espazos resultasen máis acolledores, agradables e bonitos. Un vaso de flores, un mantel, unhas revistas ben colocadas... producían sensación de calidez e acompañamento.



O CONCEPTO DA NON DIRECTIVIDAD

O concepto de non directividade non ten nada que ver co de libertinaxe. Tampouco ten que ver coa fabricación en serie de pequenos tiranos. Ao noso entender, en todo espazo deben coexistir unha serie de normas e límites para que se poida dar de maneira eficaz a convivencia entre uns e outros e no cal as liberdades dun acábanse cando interferen nas liberdades do outro.

A directividade é aquela cousa que marca a diferenza entre respectar o ritmo interno dos nenos, as súas necesidades e intereses ou, pola contra, non respectalos e ir dirixindo a súa actividade ao longo do día.

Se non o deixamos aprender cando é neno, cando o vai a aprender? Se non aprende a escoitarse nunca, de adulto non saberá actuar en función do que verdadeiramente necesita.

Nas escolas de Pistoia non atopamos con esta realidade, a realidade dunhas escolas cunha traxectoria envexable, esteticamente ideais, prestixiosas, acolledoras, entrañables, familiares, con espazos cheos de múltiples materiais... e directiva.



VISITA REALIZADA EN OUTUBRO DE 2022

GALERÍA DE FOTOS





VISITA REALIZADA EN OUTUBRO DE 2022





VISITA REALIZADA EN OUTUBRO DE 2022





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

VISITA REALIZADA EN OUTUBRO DE 2022

